

6. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. 2020-21

Nota Previa:

Dada a especial situación creada pola pandemia covid todas as actividades aquí programadas quedarán suxeitas ás condicións que no seu momento recomenden as autoridades sanitarias.

1.- INTRODUCCIÓN.

Considéranse Actividades Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Así cabe considerar:

- Visitas
- Traballos de campo
- Viaxes de estudo
- Conmemoracións

No caso de actividades complementarias que suporían a saída do centro de alumnos menores de idade, requirirase a correspondente autorización escrita dos seus pais/nais ou titores legais.

Considéranse Actividades Extraescolares as organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar. Están encamiñadas a potenciar a apertura do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade, e o uso do tempo libre.

Realízanse fóra do horario lectivo, teñen un carácter voluntario para todos os alumnos e alumnas do centro.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasa o alumnado para a superación das distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo.

A planificación de actividades extraescolares e complementarias que se realizan no IES Arcebispo Xelmírez I é froito do convencemento de que o ensino debe:

1.- Estar baseado nos principios de democracia e participación dos membros da comunidade escolar, de onde se derivan a responsabilidade de cada un/unha no desempeño do seu cometido e o respecto mutuo.

2.- Ser pluralista, con aceptación de todas as posibilidades de pensamento, de xeito que ningún será discriminado por razón das súas ideas, conviccións, raza...

3.- Fomentar o sentido crítico do alumnado.

4.- Fomentar o sentimento científico e humanista e buscar o desenvolvemento harmónico da personalidade do alumnado.

5.- Fomentar a igualdade de sexos e o rexeitamento explícito de actitudes e comportamentos sexistas.

6.- Promover accións encamiñadas a impedir calquera tipo de violencia, especialmente a de xénero e a xenófoba.

7.- Fomentar a solidariedade, a colaboración, a axuda mutua e o compañeirismo, a puntualidade e o respecto, a tolerancia e o respecto aos demais, e o espírito de traballo e de superación.

2.- AS SAÍDAS.

Todas as saídas que se organizaban noutros cursos quedan de momento en suspenso ou adiadas ata que a situación da Pandemia non mellore. No caso de que as condicións sanitarias melloraran se intentarían realizar algunhas das actividades propostas polos departamentos (visita ao CERN en Xenebra, intercambio con Francia, excursión a neve...) e as organizadas polo centro (intercambios e viaxe fin de curso). En todo caso terían que ser aprobadas polo Consello Escolar.

3.- FESTIVAIS E CONMEMORACIÓNS.

Coordenadas polo equipo da Biblioteca e a vicedirección.

Tamén estarán condicionados pola situación sanitaria do momento, en especial os festivais de nadal, entroido e fin de curso.

CONMEMORACIÓNS	ACTIVIDADES	DATA
Mes da Ciencia	Actividades diversas organizadas pola Biblioteca	Novembro
Día en contra da violencia de xénero	Recordatorio das vítimas, presentacións	22 novembro e días anteriores e posteriores
Día Mundial contra a Sida	Actividades na aula	1 decembro
<u>Festival de nadal</u>	O tradicional festival que se celebra no Salón de actos. Tema deste curso: o Bosque	22 decembro
Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto	Actividades na aula, cine, decoración do centro.	27 xaneiro
Día da Paz	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	30 xaneiro e días anteriores e posteriores
<u>Festival de Entroido</u>	Actividades deportivas, xogos populares, concurso de disfraces, concurso gastronómico...	12 de febreiro

Día Internacional da Muller Traballadora	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	9 marzo e días anteriores e posteriores
Día do libro	Valorar e coñecer obras relevantes da literatura como mostra destacada do patrimonio cultural.	24 abril e días anteriores
Letras Galegas	Celebración dunhas xornadas adicadas a conmemora o aniversario	18 maio e días anteriores
<u>Festival de graduación do alumnado de 2º de bacharelato</u>	Discursos de despedida dos alumnos, proxeccións, actuacións musicais...	20 maio
Día de Camões e das comunidades portuguesas	Actividade organizadas polo departamento de galego e portugués	11 xuño

3.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLOS DEPARTAMENTOS E POLA ANPA

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA

A ANPA colabora en moitas das actividades (se se poden celebrar) ofertadas polo centro: no Magosto, no festival de Nadal, no Entroido e na Graduación do alumnado de 2º de bacharelato. Así mesmo apoia ás actividades deportivas feitas nos recintos da Universidade de Santiago, ao grupo de teatro do centro, as saídas ao Numax e actuación do Día das Letras Galegas.

DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

Dadas as circunstancias, o Departamento de Alemán decidiu non planificar actividade ningunha para este curso.

DEPARTAMENTO DE ARTES PLASTICAS

Durante o ano académico 2020-2021, o Departamento de Artes Plásticas non ten previsto, polo momento, a realización de actividades complementarias nin extraescolares. Nembargantes, se a situación sanitaria cambiase e fóra posíbel, trataríamos de levar a cabo algunha das seguintes actividades:

- Visita á Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- Visita á Escola de Restauración de Pontevedra.
- Visita á Escola de Imaxe e Son da Coruña.
- Visita ao estudio de efectos especiais e animación "4Ollos" da Coruña.
- Visitas a museos: Marco (Vigo), Fundación Barrié de la Maza e Museo de Belas Artes (A Coruña).
- Visita ao Centro da Estampa (Betanzos).
- Visita á Fundación Manolo Paz (Cambados).
- Xornada de Esculturas de area na Lanzada (Pontevedra).
- Visita á feira de arte ARCO en Madrid.
- Visitas varias a exposicións e museos de Santiago, que trataremos de organizar no momento en que teñamos noticias da celebración dalgún evento artístico que vexamos conveniente presenciar ou visitar cos alumnos.
- Participación en diversos concursos que consideremos interesantes para o alumnado, relacionados coas materias do Departamento.

Tamén se fomentaría que os alumnos de *Imaxe e Son* participasen en actividades extraescolares, como poden ser as visitas guiadas a exposicións relacionadas coa imaxe dixital fotográfica ou videográfica e sonora, feiras de mostras de tecnoloxías da imaxe, etc. As saídas que organizase o Departamento, e outras saídas e excursións poderían ser aproveitadas para que o alumnado desta materia realizase tomas fotográficas e videográficas que servisen para realizar posteriormente reportaxes gráficas sobre a temática e os lugares visitados.

Para cada unha destas visitas o profesorado do departamento daría orientacións e información ao alumnado. Tamén se prepararían actividades de observación, información e traballo de campo para outras saídas de varios días, que habitualmente se organizan no centro.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

E.S.O.

- Visitas Museo de Historia Natural USC (1º de E.S.O.)
- Percorridos didácticos polo Río Sarela (4º E.S.O. e 1º Bach)
- Actividades no horto escolar (1º E.S.O.)
- Paseo Botánico Parque da Alameda (1º E.S.O. e 4º E.S.O.)
- Proxecto Carballeira de San Lorenzo (1º E.S.O.)
- Safaris fotográficos e videográficos (Todos os cursos)
- Visita-Estudio interdisciplinar ás montañas orientais (4º E.S.O. e 1º de Bach)

BACHARELATO.

- Visitas Museo Historia natural da USC (1º e 2º de Bach)
- Visitas a centros de investigación : USC, CSIC (1º de Bach e 2º de Bach).
- Roteiro petrolóxico pola cidade de Santiago (2º Bach)
- Roteiro xeomorfolóxico pola contorna de Santiago (1º e 2º de Bach)

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN IMAXE E SON

1. Visita ás empresas, feiras, acontecementos e actividades vencelladas co sector do son, fotografía e videoanimación que se desenvolvan en Santiago e a súa bisbarra sempre que a situación de pandemia que estamos a vivir o permita.
2. Sonorización e iluminación dos eventos que se desenvolvan no instituto sempre que a situación de pandemia o permita se podan desenvolver coas

medidas de prevención COVID axeitadas no manexo de equipos de imaxe e son

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE 1º BACHARELATO.

GRUPOS A + B

1º TRIMESTRE:

- a) Visita o concello de Santiago para coñecer a elaboración dos orzamentos do concello
- b) Visita o Parlamento de Galicia para coñecer o debate orzamentario entre os partidos políticos representado no Parlamento.

.
.Caso de non poder realizar as visitas indicadas, faremos dúas conferencias no propio instituto sobre o tema orzamentario.

.As actividades están pendentes de xestionar.

2º TRIMESTRE:

- a) No mes de maio farase unha conferencia sobre a Unión Europea.
- b) Pendentes de xestionar dúas conferencias sobre o papel das ONG na sociedade.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

. A actual situación da pandemia ten paralizadas as actividades complementarias e extraescolares do Departamento. Este ano, a diferenza dos anteriores, a estas alturas, non contactou connosco ningunha das empresa que tiñamos de man para a actividade da Excursión á Neve (actividade típica e característica do noso departamento) por non estar operativas. Estamos nunha condición de incerteza sanitaria e dependemos da evolución da situación actual para poder levar a cabo todas as actividades, que o noso departamento quere facer como, non podía ser doutra maneira, se fixo sempre e van na nosa ideosincrasia.

.
. Temos tamén actividades pendentes do **175 Aniversario**, que de darse unha situación favorable, levaríamolas a cabo no momento en que se puidese. Polo que a temporalización das actividades deixámola sometida á evolución da pandemia.

. Polo tanto, tentaranse, para o curso académico 2020-2021, realizar as seguintes actividades:

1. Práctica da **Natación** na piscina da Universidade de Santiago de Compostela con todo o alumnado do centro que desexe acudir durante dúas ou tres sesións.
2. Celebración por parte do alumnado do Día da Saúde, facendo actividades deportivas como alternativa para ocupar o tempo de lecer de maneira saudable na clase ese día.
3. En colaboración do Club de Hockey Obradoiro de Santiago, impartiranse a todos os cursos, dúas sesións de clase sobre **Patinaxe Artístico e Hockey a Patíns**.
4. Colaboración co Departamento que o necesite para manter proxectos que se desenrolaban outros anos co noso Departamento.
5. Realización de **Carreiras de Orientación** pola Alameda, Campus Universitario (e outras contornas-por concretar), para alumnado, en principio, de 4º E.S.O. e de 1º de Bacharelado, e con posibilidade de incluír máis cursos.
6. Realización dunha **“Excursión á Neve”** para a práctica do **Esquí en Andorra** co alumnado de 1º de Bacharelato.
7. Charla ó alumnado do centro (por determinar) por parte dun gran deportista da Élite.
8. Charla ó alumnado do centro (por determinar), por parte dun/ha **Árbitr@** da liga ACB de **Baloncesto** en activo.
9. Exposición e práctica de **Baile Galego** e do noso **Folclore Tradicional**, por parte dunha Agrupación de Baile Tradicional (por confirmar), para o alumnado de 1º de Bacharelato e con posibilidade de incluír máis cursos (por determinar).
10. Exposición e realización dos **Primeiros Auxilios** ante emerxencias para o alumnado do centro (por concretar).
11. Exhibición, explicación e práctica de **Esgrima Antiga** (Espada Longa) (por confirmar), por parte da Asociación de Artes Marciais Históricas Europeas de Compostela, para alumnado do centro (por confirmar).
12. Charla, para o alumnado do centro (por determinar), por parte de **Moncho Fernández, adestrador do Clube de Balondesto Obradoiro** da cidade de Santiago de Compostela (liga ACB). Data por concretar según dispoñibilidade.
13. Actividade de **Campo a Través** dentro do Programa Xogade de deporte escolar no

seu apartado competitivo para alumnado de 1º e 2º E.S.O.

14. Actividade de Bádminton dentro do Programa Xogade de deporte escolar no seu apartado competitivo para alumnado de 1º e 2º E.S.O.
15. Exhibición de **Bádminton de Competición** pola Fegabad para alumnado do centro (por determinar). Coa participación e charla do Presidente da Fegabad: Rodrigo Sanjurjo.
16. Organización de **Competicións Deportivas** durante os Recreos de **Voley, baloncesto, fútbol,**... etc, para todas/as os/as alumnos/as do centro que desexen participar nelas.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFIA

Concurrencia ao Premio de ensaio Subersivo Guillerme Dominguez 1º e 2º

Bacharelato

Concurrencia á Olimpiada Filosófica de Galicia 5 de Febreiro (on-line) 4º de ESO,

1º e 2º de Bacharelato

Concurrencia á Olimpiada Filosófica de España se datas fixadas (Abril?) 1º e 2º de

Bacharelato 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato

Concurso de postais filosóficas

Celebración do día Mundial da Filosofía: actos variados segundo posibilidades. Todo o

alumnado jueves, 19 de noviembre

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O Departamento de Física e Química, en reunión celebrada o xoves 1 de outubro, acordou non propoñer a realización de actividades complementarias e extraescolares durante o actual curso académico, a excepción da visita didáctica ao CERN, si as condicións sanitarias o permiten.

En relación coa visita ao CERN cabe sinalar o seguinte:

- Dada a natureza singular desta visita, a súa preparación iniciase cos alumnos de 1º de bacharelato interesados, e realízase habitualmente a principios do curso seguinte, cando ditos alumnos están en segundo de bacharelato.
- Debido á actual situación sanitaria provocada polo COVID-19 non foi posible realizar a visita prevista para principios deste curso académico, cos alumnos cuxa preparación se inicio o curso pasado. Esta visita permanece en suspenso á espera de que o CERN permita de novo as visitas guiadas.
- En estes momentos o Departamento non ten tomada unha decisión sobre a preparación dos actuais alumnos de primeiro de bacharelato cara a realización da correspondente visita para o próximo curso. Esta decisión tomarase ao longo deste curso académico en función de como evolucione a pandemia provocada polo COVID-19.

DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN DE ORIENTACIÓN LABORAL

As actividades complementarias do departamento de FOL previstas para este curso, tendo en conta a situación sanitaria actual, son moi reducidas. Intentarase xestionar as que se xuntan a este correo. Por módulos, son as seguintes:

FOL: Sesión cunha persoa pertencente a un sindicato que lles mostre a realidade do día a día da actividade sindical (para o cal precisaremos o visto bo do centro e do delegado sindical que acceda a vir ao centro en horario lectivo)

EIE: Motivación ao alumnado para participar en diversos concursos, coma por exemplo o vindeiro concurso eduemprende Idea ou os premios Gaiás-Sixto Seco. Animarase a que algún grupo de alumnos/as ou alumno/a participe na vindera edición destes ou doutros premios aos que poidan presentar o seu plan de empresa, sempre que este cumpra cos mínimos exixidos pola convocatoria.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CURSO(S)	ACTIVIDADE	DURACIÓN	DATA PREVISTA	LUGAR DE REALIZACIÓN
1º e 2º de ESO	Concurso de postais de Nadal	- Preparación previa: 15 minutos - Prazo de entrega : 1 semana	12 - 19 de decembro	IES XELMÍREZ I
4º de ESO e BAC	Cine	2 horas	1 trimestre	Numax (Santiago)
3º - 4º de ESO e 1º BAC	Intercambio de alumnos/as co Lycée Germaine Tillion de Montbeliard	1 semana en Francia 1 semana en España	En Francia: mes de abril En España: mes de maio	Lyon IES XELMÍREZ I
Alumnos/as de francés	Matinée Théâtrale	2-4 horas	maio	IES XELMÍREZ I
4º de ESO e Bacharelato	Participación no DELF SCOLAIRE	Preparación ao longo do curso	Abril - maio (exames)	IES XELMÍREZ I

Esta proposta só se levará a cabo se a situación sanitaria o permite.

Non se descarta a realización doutras actividades culturais que o Departamento estime interesantes, como conferencias, visitas a exposicións, excursións, etc. Estas actividades non se poden determinar de momento pois dependen da programación cultural dos concellos, a universidade, fundacións, etc). Tamén recomendamos ao noso alumnado de bacharelato a asistencia ás películas que se proxecten fóra do horario escolar.

DEPARTAMENTO DE GREGO

El Departamento de Griego, para las materias de Cultura Clásica, Griego I y Griego II, querría organizar cuatro actividades.

- 1.- Asistir a la representación de una tragedia griega, dentro del Festival de Teatro Grecolatino, que se celebra a partir del mes de marzo en varias sedes, entre ellas, La Coruña, Lugo y Orense.
- 2.- Asistir a los LUDI COMPOSTELANI, talleres de actividades sobre el mundo clásico, que se celebran a partir de enero en la Facultad de Filología de Santiago, organizados por la Sociedad Española de Estudios Clásicos, a través de su delegación en Galicia.
- 3.- Participar en la Gincana Mitológica, organizada también por la SEEC, en Santiago.
- 4.- Visitar un yacimiento arqueológico relacionado con la época prerromana y romana en Galicia.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA E PORTUGUÉS

- 1.- Colaboración co Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística en:
 - Correlingua
 - Festival teatral intercentros.
- .2.- Charlas con escritores/as.
- .3.- Asistencia a representacións teatrais que haxa en Compostela ao longo do ano
- .4.- Asistencia a algunha proxección cinematográfica que se considere de interese
- .5.- Club de debate
- .6.- Colaboración con diversas actividades que se realicen no centro, nomeadamente:
 - Samaín.
 - 25 de Nov.: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres.
 - 30 de Xan.: Día escolar da Non- Violencia e aPaz
 - Entroido
 - 24 de febreiro: Día deRosalía
 - 8 de Marzo: Día Internacional daMuller.
 - 21 de marzo: Día da Poesía
 - 23 de abril: Día do libro
 - Maio: Semana das Letras.
- 7.- Participación no Concurso de Relato Oral “Tíralle da Lingua”

1º BACH:

- Percorrido pola lírica medieval en Santiago.

- Encontro con algún/algunha dos/as autores/as das lecturas obrigatorias.
- Contémplase tamén a posibilidade de ver algún filme nos Cines Numax ou Cineuropa e tamén obras de teatro que se oferten no T. Principal ou no Salón Teatro, por ex.

2º BACH:

- Saída a Ourense: Roteiro literario de *A esmorga e* visita á Fundación Otero Pedrayo.
- Visita á Fundación Curros Enríquez en Celanova.
- Encontro con algún/algunha dos/as autores/as das lecturas obrigatorias.
- Percorrido literario por Rianxo (Manuel Antonio, Castelao, Dieste).
- Contémplase tamén a posibilidade de ver algún filme nos Cines Numax ou Cineuropa e tamén obras de teatro que se oferten no T. Principal ou no Salón Teatro, por ex.

PORTUGUÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.

Para alén de actividades que poidan xurdir ao longo do ano na cidade e relacionadas co mundo da lusofonía (teatro, charlas, música...), prográmanse as seguintes actividades:

- Conmemoración de datas relevantes para o mundo lusófono.
- Conmemoración de datas que contribúen á formación do alumnado como ser humano (25 de novembro, 30 de xaneiro, 8 de marzo...). Esta actividade poderá realizarse en colaboración coa Biblioteca do IES e/ou con outros Departamentos Didácticos.
- Participación no Proxecto de Radio Escolar *Ponte nas Ondas*.
- Creación dun Grupo de Teatro para representar obras de autores/as lusófonos/as.
- Representación dunha obra de teatro nalgunha praza ou rúa de Compostela. Procurarase realizar esta actividade nalgunha das datas relevantes para o mundo lusófono, como, por exemplo, o Día de Camões ou o Día da Lingua Portuguesa e a Cultura.
- Creación dun Club de Debate.
- Viaxe cultural dun día de duración a algunha vila do norte de Portugal. Poderá participar todo o alumnado que ten portugués como segunda lingua estranxeira. Contémplase a posibilidade de visitar un Centro Educativo da localidade para que se estableza relación entre o alumnado galego e portugués e que este último veña ao noso Instituto.
- Viaxe cultural de dous/tres días de duración na primavera. (O destino está aínda por concretar). Poderá participar todo o alumnado que ten portugués como segunda lingua estranxeira. Contémplase a posibilidade de visitar un Centro Educativo da localidade para que se estableza relación entre o alumnado galego e portugués e que este último veña ao noso Instituto.
- Viaxe a Lisboa de cinco días de duración para o alumnado de Bacharelato. Esta viaxe terá lugar despois da convocatoria ordinaria das ABAU.
- Participación no Programa APorto Júnior que consistirá nunha viaxe de catro días de duración ao Porto a finais do segundo trimestre.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Debido á situación sanitaria actual, xerada pola COVID-19, en principio non temos prevista a realización de ningunha actividade.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

- Saídas didácticas ao observatorio Ramón Alller
- Saída co alumnado de 4º da eso para medir arbores e edificios na unidade de trigonometria.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

O departamento de música é, como ben se pode supoñer, un dos máis afectados polas restriccións didáctico-pedagóxicas que supón a loita contra o COVID 19 nos centros de ensino secundario. De momento, todas as actividades plantexadas e formuladas o fin do curso anterior tense que ver adiadas. A idea do departamento é retomalas en canto sexa posible e as autoridades sanitarias e educativas o permitan. Por iso, propomos mantelas e non suspendelas, malia que hoxe por hoxe, ten que ser descartadas todas elas. Queda totalmente descartado, eso si, a viaxe a Madrid ao Teatro Real previsto inicialmente co grupo de Artes Escénicas e da Danza e calquera outra saída complementaria ou extraescolar (Auditorio de Galicia, etc)

Mantemos pois a posibilidade de levar a cabo as seguintes actividades:

1. A continuación do traballo coa orquestríña de música de cámara Xelmirez I.
2. A colaboración de dita orquestríña co coro do Instituto Antón Fraguas
3. A creación do coro enCANTados, sobre todo co alumnado de segundo e terceiro da ESO, e
4. A colaboración co colexio que está ao noso carón, Pío XII, na implementación de actividades corais e instrumentais, xa que estamos a traballar conxuntamente coas profesoras de música de dito centro.

O departamento é especialmente sensible a traballar con outros departamentos (e como xa ven sendo habitual) en actos conmemorativos especialmente relevantes para a comunidade escolar como é o día contra a violencia sobre as mulleres (25 novembro) o día de conmemoración da Shoah (31 de xaneiro) o día da francofonía ou o día de Europa (9 de maio)

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ACTIVIDADE	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Orientación Académica e Profesional	UNavarra	2º Bach	3 e 4 Decembro
Programa “ Educación afectivo-sexual”	Centro Quérote +	3º ESO e FP básica	Decembro/ 1º trimestre
Proxecto EmocionadXs	ICE-USC	1º ESO, 2º ESO, 3º ESOP E FP BÁSICA	2º trimestre
Actividade <i>Un mundo en movemento: cuestión de dereitos</i>	Médicos do Mundo	3º da ESO	Outubro/ Novembro
Orientación Académica e Profesional	Orientador	1º bacharelato	Novembro/ Decembro

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

As saídas extraescolares este curso van a estar suxeitas a oferta que haxa na nosa cidade e tamén a situación sanitaria actual. Exposicións, conferencias e visitas organizadas polas diferentes institucións e organizacións de interese para os nosos alumnos e axustadas a nosa programación.

Neste apartado temos que contar ca gran dificultade que temos cos nosos alumnos o ter só unha hora lectiva semanal e dependendo da hora de cada grupo temos facilidade ou non para facer saídas, pois en principio non é “convinte” que o alumnado de relixión falten a outras materias por unha actividade desta materia.

Ademais o departamento de Relixión realizará como todos os anos, se a situación o permite, actividades en colaboración ca ONG Entreculturas: na SAME (Semana Mundial de acción pola Educación) no mes de abril, encontros da rede solidaria da mocidade e outras actividades.

Tamén realizaremos actividades propostas por UNICEF relacionadas cos Dereitos dos nenos.

--Visitas a Catedral de Santiago de Compostela

--O alumnado de 4º da ESO e bacharelato realizarán, sempre que a situación sanitaria o permita, unha saída didáctica á Raiña e a escola ecolóxica de Vilasantar. O alumnado terá a oportunidade de charlar con Victor Blanco Naveira párroco de San Martín de Cabrui, impulsor dun proxecto destinado a persoas afastadas da fe, en risco de exclusión ou de calquera espiritualidade ou condición, no que se pretende a reflexión, oración, unión, axuda e diálogo entre todos. O alumnado tamén participará en varios talleres co obxectivo de que valoren todo o traballo que realiza a xente do campo e se conciencien da necesidade duns hábitos de vida saudables.

Durante o curso estaremos pendentes das diferentes propostas de exposicións ou actividades realizadas en Santiago e organizadas por diferentes asociacións, organizacións, entidades, concello, etc...de interese para o noso alumnado e en concordancia co noso currículo.

Salientar a grande dificultade que supón o feito de que a única profesora do departamento de relixión, comparte o seu horario lectivo co IES san Clemente, o que dificulta moito a organización e posta en práctica das actividades extraescolares.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

2º ESO: Actividade Mission Zero (Astro Pi) organizada pola Axencia Espacial Europea.

3º ESO: Actividade Mission Zero (Astro Pi) organizada pola Axencia Espacial Europea.

3º ESO: Actividade Mission Space Lab (Astro Pi) organizada pola Axencia Espacial Europea.

4º ESO: Visitas aos organismos de investigación da USC (Citius, Cesga, etc.)

1º Bach Tecnoloxía Industrial: Competición Can Sat organizada pola Axencia Espacial Europea.

1º Bach robótica: Participación no Contrato Programa da Consellería de Educación na modalidade de "Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia educativa".

A maiores, e para todos os niveis, saídas pola contorna do centro para traballar algúns aspectos do currículo (materiais de construción, etc)